



Instrución: 17/2012	Data: 9 de novembro de 2012
----------------------------	------------------------------------

Instrucións para facilitar o acceso o diagnóstico e tratamento daquelas persoas que poidan padecer unha infección ou enfermidade infecciosa que estea suxeita a vixilancia epidemiolóxica, control e/ou eliminación a nivel da comunidade, estatal ou internacional, e non teñan recoñecida polo INSS, ou no seu caso, polo ISM a condición de asegurados ou beneficiarios e que non reciben a asistencia por outras vías legalmente establecidas.

Orixe: Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde e Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade

Destino: Xerencias do Servizo Galego de Saúde, Xefaturas Territoriais da Consellería de Sanidade e Unidades hospitalarias correspondentes.

No marco do Real decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostenibilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, o artigo 1, que modifica a Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, no seu punto tres e das disposicións adicionais cuarta e quinta do Real Decreto 1192/2012, de 3 de agosto, pola que se regula a condición de asegurado e de beneficiario a efectos de asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema Nacional de Saúde sinalan unha serie de situacións especiais de asistencia sanitaria no caso das persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España, que poderán recibir asistencia sanitaria polo servizo de saúde da comunidade en que se encontren e no caso de persoas solicitantes de protección internacional e para vítimas da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión.

A Consellería de Sanidade promoveu, para as persoas que dende o 1 de setembro de 2012 non teñen dereito a asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario recoñecida polo INSS ou ISM que non poidan recibir asistencia por outra vía, o Programa galego de protección social da saúde pública para a asistencia sanitaria en

INSTRUCCIÓN 17/12



Galicia e tamén os programas de saúde pública para enfermidades que supoñen un risco para a comunidade e que precisan dun adecuado control e seguimento.

A Instrución 10/2012 da Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde e Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, establece no punto 6 da segunda instrución, que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecerán programas específicos no caso de enfermidades que supoñen un risco para a saúde da cidadanía e para aquelas persoas que non poidan recibir asistencia sanitaria por outra vía e ditarán instrucións sobre o procedemento da atención nesta modalidade. E na instrución cuarta dese documento, apartados 3e) e 4c) sinala que administración sanitaria expedirá un documento nesta modalidade de asistencia dende a data da solicitude ata a alta médica nese proceso de enfermidade concreto e que será necesario presentar no momento de acceder aos servizos sanitarios, sendo o lugar de tramitación do documento os centros hospitalarios do SERGAS. A maiores, tamén se poderá tramitar este documento nos centros de saúde, de igual maneira que se fai co programa galego de protección social da saúde pública.

Por todo o anterior e co obxecto de desenvolver o procedemento da atención sanitaria dentro do marco dos programas de saúde pública para enfermidades que supoñen un risco para a comunidade, dítanse as seguintes instrucións:

Primeira. Ámbito de aplicación e acceso á asistencia

Toda persoa que non teña a condición de asegurado ou beneficiario do SNS, e non poda acceder ao mesmo polas outras vías legalmente establecidas, que acuda a un centro sanitario do sistema público de saúde de Galicia e da que se sospeite que poida padecer unha infección ou enfermidade infecciosa que estea suxeita a vixilancia epidemiolóxica, control e/ou eliminación a nivel da comunidade, estatal ou internacional (ver anexo) será derivada ao centro de saúde ou centro hospitalario correspondente onde se lle expedirá un documento para a asistencia sanitaria no marco do programa de saúde pública de enfermidades que supoñen un risco para a comunidade e derivarase á unidade ou servizo sanitario correspondente para a súa atención, o tempo que se lle informará das condicións para a súa posible inclusión no programa galego de protección social da saúde pública. A derivación farase aos circuitos e especialidades de referencia habitual para as patoloxías que se sospeiten. A mesma sistemática seguirase cando estas persoas formen parte dos afectados por unha emerxencia de saúde pública.



Segunda. *Prestacións contempladas*

No caso de confirmación diagnóstica procederase ao tratamento e seguimento clínico da persoa infectada ou enferma ata constatar a súa curación, momento no que cesará o dereito á asistencia. En tódolos casos seguirase o procedemento habitual de asesoramento preventivo e investigación de contactos.

A cota de achega farmacéutica asignada a estas persoas será a mesma da considerada para as persoas incluídas no *programa social de saúde pública*.

No caso de diagnóstico negativo, extingúese o dereito á asistencia. En todo caso se consideran incluídas todas as actividades realizadas para descartar a sospeita.

Terceira. *Procesos previos*

As persoas que antes do 1 de setembro de 2012 recibían tratamento por algunha destas enfermidades, seguirán sendo atendidas sen prexuízo de que soliciten a documentación para a atención nesta modalidade.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2012

O director xeral de Innovación e
Xestión da Saúde Pública



Manuel A. Varela Rey

O director da Dirección de
Asistencia Sanitaria do Servizo
Galego de Saúde



Félix Rubiál Bernárdez

INSTRUCCIÓN 17/12



ANEXO: Relación Enfermidades Declaración Obrigatoria

Ántrax	Leishmaniase
Botulismo	Lepra
Brucelose	Leptospirose
Campylobacteriose	Lexionelose
Clamidiose	Listeriose
Cólera	Meninxite Tuberculosa
Coronavirus-SARS	Paludismo
Criptosporidiose	Parálise flácida aguda nos menores de 15 anos
Difteria	Parotidite
Enfermidade invasora por haemophilus	Peste
Enfermidade meningocócica	Poliomielite
Enfermidade pneumocócica invasora	Rabia
Febre amarela	Rubéola
Febre de Nilo occidental	Rubéola conxénita
Febre exantemática mediterránea	Salmonelose
Febre paratifoidea	Sarampelo
Febre Q	Shigellose
Febre tifoidea	Sífilis
Febres hemorráxicas víricas	Sífilis conxénita
Giardiase	Tétano
Gripe-Casos ingresados confirmados	Tétano neonatal
Hepatite A	Tose ferina
Hepatite B	Toxoplasmose conxénita
Herpes zóster	Tuberculose Respiratoria e extrarespiratoria
Iersiniose (non pestis)	Triquinose
Infección gonocócica	Tularemia
Infección por E. coli enterohemorráxico	Varicela
Infección por Vibrio parahaemolyticus	Varíola
Infección polo VIH ou SIDA	